




# **Estrutura Orgánica da Consellería do Medio Rural**



# Estrutura Orgánica dos Servizos Centrais da Consellería do Medio Rural



**Normativa reguladora:**


- Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

**Lenda:**

- Centros Directivos
- Subdireccións Xerais
- Servizos
- Entidades
- Centros de formación e investigación e laboratorios



## Estrutura Orgánica dos Servizos Periféricos da Consellería do Medio Rural



**Normativa reguladora:**

- Decreto 245/2009, do 30 de abril polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia
- Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural

**Lenda:**

- Xefaturas Territoriais
- Xefe/a Territoriais (Servizos)
- Servizos



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Órganos colexiados adscritos á Consellería de Medio Rural:

- Xurados provinciais de montes veciñais en man común, regulados pola Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. A presidencia dos xurados será asumida polas respectivas xefas ou xefes territoriais e as secretarías por funcionarios/as designados/as polas persoas titulares da presidencia.
- Comités territoriais de montes. A presidencia dos devanditos comités será asumida polos/as respectivos/as xefes ou xefas territoriais da Consellería do Medio Rural e as secretarías por funcionarios/as designados/as polas persoas titulares da presidencia.
- Consello Forestal de Galicia, creado no Decreto 306/2004, do 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.
- Consello Agrario Galego, creado na Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego.
- O Comité Fitosanitario Galego, creado polo Decreto 60/2014, do 15 de maio.
- O Comité de Bioética, creado pola Orde do 15 de setembro de 2006.
- O Observatorio do Sector Lácteo de Galicia, creado no Decreto 61/2007, do 22 de marzo.
- A Mesa de Coordinación do Control da Cadea Alimentaria, creada polo Decreto 139/2014, do 23 de outubro.
- A Mesa da Castaña, creada na Orde do 2 de agosto de 2017 pola que se crea e regula o seu funcionamento e composición, modificada pola disposición derradeira segunda do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.
- A Mesa da Madeira, creada na Orde do 2 de agosto de 2017 pola que se crea e regula o seu funcionamento e composición.